

AXOU (Asociación Ourense de Xadrez)

Acta da reunión do 14 de setembro 2018

Presentes:

Manuel Angel García Fernandez

Alejandro De León Justo

Sindo Rodríguez Bernardo

Joaquín Bello Filgueira

Andrés Ibarra Martín

Lino Hermida Araujo

Desculpan a súa presenza: Elías González Gil.

Puntos da orde do día:

- 1) Informe do Presidente.
- 2) Informe do Secretario.
- 3) Informe do Tesoureiro.
- 4) Escolas de Xadrez da Deputación.
- 5) Calendario de torneos da Copa Deputación e outros torneos.
- 6) Rogos e preguntas.

Ábrese a sesión as 20 h 05 na sala de Xuntas so Edificio Marcos Valcarcel da Deputación de Ourense.

Apróbase a acta anterior, non habendo comentarios en contra.

- 1) Empézase polo punto nº 5 do calendario de torneos dado que é o que se presta a maior discusión, e queda como segue:

6 de outubro: Torneo Festa da Estoria en Ribadavia.

13 de outubro: Copa Deputación Relámpago, organizado polo Club Universitario.

14 de outubro: Torneo de Xadrez Activo Campus de Ourense.

20 de outubro: Torneo de Xadrez Activo Memorial Xosé Henrique Rodríguez Peña, a celebrar no Edificio Marcos Valcarcel.

28 de Outubro: Torneo de Expourense.

3 de novembro: Copa Deputación por Equipos, a celebrar en Celanova.

10 de Novembro: Copa Deputación Xadrez aleatorio, a celebrar en Espazo Xove Ourense (rúa Celso Emilio Ferreiro) polo Club Xadrez La Troya.

15 de decembro. Torneo de nadal do Club Xadrez Benchosei.

26 de decembro en adiante: Aninovo Barrocás.

7 de xaneiro en adiante: Campionato Absoluto organizado polo Club Xadrez La Troya,

19 e 20 de xaneiro: Xuvenís por categorías, organizado polo Club Xadrez Ourense.

Acórdase prolongar o calendario ata o mes de novembro, para o cal o Presidente pedirá unha prórroga para xustificar o gasto, dado que o cerre do exercicio é a 31 de outubro.

Acórdase un presuposto de 450 E para cada torneo, dos que 150 serán para o club organizador en concepto de gastos de organización. O Torneo Xadrez Relámpago será a 10 m. con incremento. O formato do Activo (xa celebrado), o relámpago e o aleatorio terán o mesmo formato de categorías, a saber, sub 08, sub 10, sub 12 e, en paralelo, sub 14, sub 16 e absoluto e veterano, mentres o “por equipos” será torneo individual, sistema universitario, a saber, con equipos mínimo de 4 integrantes con roldas nas que non se emparellarán a xogadores do mesmo equipo. Os trofeos e outro material a repartir será a elección do club organizador (Xadrez Celanova).

2) Punto nº 1:

Afirma o presidente que a actividade que se levou a cabo dende a última reunión foi o Xadrez activo o 18 de agosto con boa participación, cuns 60 participantes, a cargo do Xadrez Benchosei.

Interven Sindo Rodríguez afirmando que as datas de agosto non son axeitadas, dado que non favorecen a participación sendo periodo de vacación. Dado que nestes últimos anos se viñeron celebrando nesas mesmas datas e con boa participación non se popn en dúbida a labor do Club organizador quen é que ten a elección das datas.

Punto nº2

En ausencia do secretario, o Presidente interven para afirmar que se concederon 2250 E para o exercicio 2018 pendentes de xustificar.

Punto nº 3

Interven o Tesoureiro para afirmar que a día de hoxe hai uns 2500 E en conta, habendo algunha facturas pendentes de pago, co que poderase pagar o gasto das Copas Deputación en tempo.

Punto nº4

En canto as escolas, segue adiante o programa con 4 escolas: Toén, Carballiño, Leiro e San Cibrao. Toén queda libre, dado que Elías González por falta de tempo non poderá acudir, quedando os demais monitores encargados de recoller o testigo. Está pendente de formarse grupo en Xumqueira de Ambía. Habendo un grupo numeroso en San Cibrao, este vaise desdobrar.

Pregunta Sindo Rodríguez porque non recibe subvención pola Deputación. Contesta o Presidente que se ofertou esa posibilidade ao Xadrez Celanova e que os alumnos haberán pagar un custe mínimo acordado de 9 E, agás que o subvencione o Concello, e que as Escolas son de só de Iniciación ao Xadrez.

Punto nº6

Pregunta o Presidente polo Torneo de Celanova Memorial Carlos Alfredo. Contesta Sindo Rodríguez que aínda que non se celebrou este ano, nin o ano anterior, debido ao accidente do organizador do Circuito Galiza Central, no que estaba incluído, a previsión é de retomalo o ano que ven coa subvención do Concello de Celanova.

Non habendo máis preguntas, levántase a sesión as 9 05 da noite.

